



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Vilanova de Arousa no extremo norte, e Cambados o resto. Parroquias: San Miguel de Deiro e Santo Estevo de Tremeoedo en Vilanova de Arousa; e San Amedio de Corvillón, Santo Adrián de Vilaríño e Santa Mariña de Cambados. Extensión: 6,65km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade de fronte costeira moi modificada pola localización do núcleo urbano de Cambados e as súas instalacións portuarias. Con todo a paisaxe xeral reflicte unha costa baixa, orixinalmente irregular e con relevos residuais a modo de pequenas illas (por exemplo o illote de San Sadurniño) con chaira intermareal na que se localizan depósitos areoso-lamacentos especialmente na parte norte do estuario detrás da dársena do Porto de Tragove e pequenas áreas de marisma vexetada. Tamén aparecen algunhas praias pouco significativas no medio do armazón portuario. A vertente presenta un relevo aplanado no tramo máis próximo á costa e de pendente suave cara á cabeceira que se sitúa a pouco máis de 100m snm. A rede fluvial apenas deixou pegada na paisaxe formando pequenas valgadas. Inclúe o EIX Marismas da enseada do Bao e desembocadura do Umia.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte da unidade preséntase sobre Rochas Graníticas Tardihercínicas, do tipo da serie de Caldas de Reis; aínda que pode apreciarse unha ampla extensión correspondente a depósitos pleistocenos, abrigo na Enseada de Cambados, onde os materiais cuaternarios se penetran cara ao interior polos principais vales fluviaes.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A área de Cambados inclúese dentro do dominio climático Cálido e Húmido. A temperatura media anual supera os 15°C e as precipitacións acumuladas durante o ano alcanzan valores da orde de 1200mm a 1400mm. Pola súa banda a oscilación térmica sitúase entre 12,5°C e 13,5°C de media anual.

OS SOLOS

Solos moi alterados debido á expansión urbanística en toda a franxa costeira, derivando fundamentalmente a antroposols en torno ao núcleo e instalacións portuarias de Cambados. Na enseada os procesos de sedimentación fluvio-mariña orixinaron solos costeiros incipientes asociados ao rango intermareal, destacando os solos lamacentos tipo sapropel e os fluvisols sálicos e tiónicos relacionados con áreas de marisma. A parte interior da unidade presenta unha topografía suave sen grandes desniveis o que favorece a formación de solos tipo cambisol dístrico e os menos evolucionados umbrisois dístricos. Tamén se localizan gleysois nas terras máis baixas próximas á desembocadura da rede fluvial na zona do Ribeiro.


AS AUGAS

Na Enseada de Cambados recóllese as augas de escorrentía procedentes da rede de drenaxe da unidade, agrupadas principalmente en dous regatos que desembocan no seu fondo. As Augas Costeiras da unidade son as identificadas polo código 20150.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa incluída no Iba Contorna mariña das Rías Baixas. Unidade de estuario pero cunha fronte costeira moi transformada. En todo caso é neste onde se poden atopar os maiores valores ecolóxicos unha vez que o interior se atopa tamén fortemente humanizado. Así, manteñen importancia os hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais. Tamén aparecen algunhas zonas de marisma enseada da Seca. A nivel continental, xa se comentou, a intensa ocupación do medio, tanto construtiva como agraria reduciu ao mínimo o desenvolvemento dos hábitats arbóreos autóctonos e de prados hidromorfos. Só é posible ver algún bosque de ribeira (91E0) e algunha agrupación mínima de recolonización a partir de lindes de leira.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A forte presión que exerce o núcleo de Cambados sobre esta unidade fai que boa parte do territorio se dedique a funcións residenciais e urbanas, especialmente as máis próximas á fronte litoral e ao longo das vías principais de comunicación. O resto do territorio sustenta unha intensa actividade agrícola centrada na viticultura cunha gran continuidade, a semellanza do que acontece en toda a paisaxe costeira do Val do Salnés. Na parte nordeste esténdense masas forestais de repoboación, de considerable superficie e que se alternan con parcelas de cultivo. Nas augas da enseada de Cambados realízanse actividades marisqueiras, cun cultivo predominante de ameixa e berberecho.

MORFOLOXÍA

O actual Cambados, resultado da maridaxe dos núcleos de Cambados, núcleo de identidade do litoral, Santo Tome e Fefiñans no s. XV, aséntase ao redor do lugar onde se construíu a igrexa de Santa Mariña Doz. Dende aí foi crecendo ao redor da enseada, até dar lugar a un conglomeroado denso e compacto, duns 6.000 habitantes, que ocupa a práctica totalidade da fronte litoral. Na súa trama aínda se len os tecidos dos tres núcleos orixinaes, e como os espazos de transición entre estes articúlense mediante grandes pezas de equipamento (o Pazo de Bazán, hoxe Parador de Cambados) ou espazos públicos (a Alameda de Santo Tomé). Os sucesivos crecementos supuxeron transformacións na enseada en forma de recheos (para instalacións deportivas ou paseos marítimos), diques, porto deportivo, construción do porto industrial cos seus viarios de acceso, etc. Os camiños tradicionais que chegaban a estes núcleos seguen sendo agora soportes do crecemento residencial máis intenso fóra do núcleo principal.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Do mesmo xeito que en moitos outros territorios nos que se atopa un asentamento costeiro, a rede viaria ten unha forte compoñente focal, centrada neste caso en Cambados. A PO-549, que atravesa o núcleo dende o norte na súa traxectoria paralela á costa dende Vilagarcía, transfórmase ao seu paso por Cambados na PO-550, continuando en dirección a Meaño. Cara ao interior ssaen tres vías (unha por cada un dos asentamentos orixinaes que forman o núcleo) que articulan na actualidade a maioría dos crecementos residenciais extra urbanos. A construción da vía rápida VRG-4.3 entre Cambados e Vilagarcía, que percorre de norte a sur as terras interiores da unidade, introduce unha infraestrutura allea á rede tradicional de mobilidade. Igualmente ocorre co porto de Tragove, un dos máis importantes da Ría de Arousa que se construíu recentemente sen ter en conta o modelo tradicional de relación co mar desta contorna.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A vila de Cambados foi declarada Ben de Interés Cultural, da riqueza e vistosidade do conxunto de Cambados da fe un devandito popular que reza que o demo se lle apareceu a Xesús cando estaba a practicar o xaxún de corenta días no deserto e tentouno dicíndolle "todo o mundo dareiche menos Fefiñans, Cambados e Santo Tomé". Dos primeiros asentamentos consérvanse varias mámoas no alto do Monte Trevisoco, que marcan xunto aos castros de Tremoedo, Pastora e San Sadurniño os límites do ámbito. Sendo este último castro de San Sadurniño declarado Ben de Interés Cultural. No centro histórico concéntranse os numerosos pazos que testemuñan o esplendor e poderío histórico desta vila, como o Pazo de Fefiñans, de Bazán (hoxe Parador de Cambados), de Ulloa, de Guisasaola, de Xil Casares, A Capitana ou o de Montesacro. Respecto ao patrimonio relixioso, o máis reseñable son as ruínas da igrexa oxival de Santa Mariña de Dozo, de mediados do século XVI e fito fundacional de Cambados declarado Bien de Interés Cultural e a igrexa neoclásica de San Bieito. O Museo Etnográfico e do Viño ou o Museo das Rutas do Viño no Pazo Torrado mostran a estreita relación entre patrimonio, etnografía e enoloxía nesta zona.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Territorio representativo da paisaxe tradicional da comarca do Salnés, que se singulariza pola presenza hexemónica do asentamento de Cambados. Sobre un tapiz continuo de viñedos de albariño en parcelario estreito e alargado, tan só interrompido no extremo nororiental por tecidos de repoboación forestal, o territorio envórcase á enseada de Cambados, que concentra as maiores tensións residenciais. De aí, a modo de ramas que se estenden pola chaira, saen as vías que conectan esta vila señorial co resto do Val do Salnés, articulando á súa vez un denso crecemento lineal no seu percorrido. As novas infraestruturas de comunicación e industriais, como a vía rápida VRG-4.3 e o porto de Tragove, constitúen o contra punto contemporáneo a esta paisaxe de profunda bagaxe histórico.

DINÁMICA DA PAISAXE

Territorio que ao longo da historia foi un enclave económico e cultural, dunha puxante agricultura especializada no cultivo da vide de albariño e cun destacado asentamento de poboación. As características orográficas (terreo practicamente plano) e a excelencia climática da zona favoreceron un intenso uso agrícola que hoxe en día se mantén (introducindo novas prácticas como a extensión do uso dos invernadoiros), algo que é característico de toda a zona do Val do Salnés. O que aumentou notablemente neste ámbito é a presión residencial, cun forte crecemento do núcleo de Cambados e a proliferación de edificacións ao longo das vías principais de comunicación. As intervencións máis recentes de certa entidade (construción de novos equipamentos urbanos, industriais ou de mobilidade) son as que introducen maiores modificacións nas dinámicas tradicionais da paisaxe.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe de Cambados ten o valor de exemplificar as excelencias, debilidades e contradicións de toda a zona do Val do Salnés. A traumática dicotomía entre a conservación das terras agrícolas, de excelente produtividade, e os procesos construtivos extensivos, fomentados pola riqueza que estas xeran, é o resumo da historia do territorio do Salnés, e acha nesta unidade o seu exemplo paradigmático. Neste caso, ademais, atopamos unha das vilas máis ilustres das Rías Baixas, tanto polo seu patrimonio construído como polo papel que xogou ao longo do tempo nas letras e as artes galegas. Vila que en boca de Ramón Cabanillas "durme deitada ó sol, á beira do mar", conserva un centro histórico que recolle as pegadas dun pasado de pedra, luz e albariño, con numerosos fitos construídos de especial valor patrimonial. Soubo, ademais, asumir a súa tradición para adaptarse ao seu presente, sendo a día de hoxe unha poboación dinámica, próspera e equilibrada. Fóra desta unidade pódese acceder ao miradoiro de Monte Lobeira, onde as panorámicas resultan espectaculares e desde o cal se poden abarcar visualmente distintas unidades de paisaxe da ría de Arousa.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







En esta unidade non se contemplan posibles ámbitos de recualificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



